

Misión dos centros PROA+

A misión é conseguir o éxito educativo de todo o alumnado, especialmente do vulnerable, e para iso incluímos a xeración de expectativas positivas para todo o alumnado, procesos de ensino/aprendizaxe que xeren satisfacción en todos os membros implicados, e a potenciación dun clima inclusivo no centro, todo iso, de forma paulatina e sostible, para encamiñalo cara ao éxito escolar de todo o alumnado. Tamén incorporamos a aplicación dos principios pedagóxicos do programa PROA+.

No noso colexio o plan PROA+ comezou a desenvolverse en xaneiro de 2023, xa que ata o mes de decembro de 2022 non recibimos a confirmación da súa aprobación.

No primeiro trimestre de cada curso escolar procederase a realizar unha revisión do PEM, na que a partir da análise dos diferentes procesos de avaliación do alumnado e do propio centro, plantéxanse estratexias e actuacións necesarias para mellorar os resultados educativos e os procedementos de coordinación e de relación coas familias e co contorno. Deste xeito valorarase a posibilidade de continuar coas anteriores AP ou modificar ou planificar novas AP, segundo as necesidades que puideran xurdir no centro.

Obxectivos estratéxicos do programa PROA+

O programa establece os seguintes obxectivos PROA+:

- Incrementar os resultados escolares de aprendizaxes cognitivas e
- Reducir o número de alumnos que repiten curso.
- Reducir o número de alumnos que presenta dificultades para a aprendizaxe.

- Reducir o absentismo escolar, mellorando as fases do proceso de aprendizaxe.
- Conseguir e manter un bo clima inclusivo no centro.
- Conseguir e manter un bo nivel de satisfacción no proceso de ensino/aprendizaxe.
- Conseguir e manter expectativas positivas do profesorado sobre todo o alumnado.
- Avanzar cara a unha escola inclusiva e sen segregación interna no centro.
- Aplicar estratexias e actividades panca facilitadoras dos obxectivos intermedios e de actitudes no centro.
- Estabilizar o equipo docente e profesional durante a duración do programa, formándoo en liderado pedagóxico e nas competencias necesarias para reducir o abandono escolar temperán e alcanzar os obxectivos do programa.
- Integrar a educación formal, non formal e informal ao servizo dos obxectivos intermedios.
- Utilizar os recursos dispoñibles para a consecución dos obxectivos do programa de forma eficiente e eficaz.
- Colaborar no aseguramento dunhas adecuadas condicións de educabilidade para todo o alumnado.
- Contribuír a reducir a segregación entre os centros educativos

O Programa PROA+ estrutúrase ao redor de cinco liñas estratéxicas de actuación, inspiradas nos principios pedagóxicos PROA+, sobre as que o centro focaliza as súas actividades panca no **Plan de Mellora**.

1. Asegurar as condicións mínimas de educabilidade do alumnado.
2. Apoiar ao alumnado con dificultades para a aprendizaxe.

3. Desenvolver actitudes positivas no centro.
4. Mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe daqueles aspectos das competencias básicas con dificultades de aprendizaxe.
5. Aplicar novas formas de organización e xestión do centro orientadas a mellorar o éxito educativo de todo o alumnado, contemplando infraestruturas estratéxicas e a mellora da calidade e estabilidade do profesorado ou profesionais que participen no desenvolvemento do programa.